



CPR Plurilingüe VILA DOARENTEIRO
OS CORZOS, 6
32500 CARBALLIÑO (Ourense)
Telf.- 988.27.14.00.Fax.-988.27.48.70
e-mail: cpr.vila.arenteiro@edu.xunta.es

Estimados pais ou titores legais,

Dende o centro informávesles que saíu a orde para as solicitudes de axudas para libros pola que nos temos que guiar neste proceso. Dita orde é a seguinte: *ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/2021 (código de procedemento ED330B) (Diario Oficial de Galicia do 19 de maio de 2020).*

En consecuencia, temos:

- Axudas para adquirir libros de texto en 1º, 2º, 3º e 5º de Primaria.
A contía da axuda para adquirir libros de texto será de:
1º. Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 €: 210 €
2º. Renda per cápita familiar superior a 6000€ e igual ou inferior a 10.000 €: 140 €
- Axudas para o alumnado matriculado en Educación Especial cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, a contía será de 275€ con independencia da renda per cápita.
- A contía da axuda para adquirir material escolar destinado o alumnado matriculado en EP e en ESO con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000 € será de 50 €.
- Para os cursos de 4º, 6º de Primaria e a ESO este curso non teñen bono de libros polo tanto seguiremos co préstamo de libros do fondo.

ASIGNACIÓN DE LIBROS DE TEXTO

Para a asignación de libros de texto para alumnos de 4º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO se terá en conta:

- a) Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- b) Haberá que garantir:
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€: seis (6) libros de texto.
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6000 € e igual ou inferior a 10000 €: catro (4) libros de texto.
 - Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis (6) libros con independencia da renda.

SOLICITUDES

PRAZO: Dende o día 21 de maio ata o 19 de xuño de 2020 (este incluído).

Para facer as solicitudes pódese presentar de dúas maneiras:

- 1) Na aplicación <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> e elaborar a solicitude xerando un número de solicitude e presentando a documentación na sede da Xunta de Galicia.
- 2) Presentando a solicitude na secretaría do centro xunto coa oportuna documentación.

Na tramitación das solicitudes consultaránse automaticamente os datos do: DNI, Declaración da renda das persoas físicas no exercicio do 2016, grao de discapacidade, percepción de pensión por discapacidade por incapacidade, xubilación, retiro ou inutilidade.

A data de referencia para esta comprobación no proceso será do **31 de decembro do 2018**, agás o caso de violencia de xénero, que se especificará o disposto na lexislación específica.

No caso de que se opoñan a esta consulta deberán marcar na solicitude e entregar a documentación xustificativa en formato de papel.



CPR Plurilingüe VILA DO ARENTEIRO
OS CORZOS, 6
32500 CARBALLIÑO (Ourense)
Telf.- 988.27.14.00.Fax.-988.27.48.70
e-mail: cpr.vila.arenteiro@edu.xunta.es

DOCUMENTACIÓN:

Para alumnado de Primaria e ESO:

- a) Anexo I (solicitud) e Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) Copia do libro de familia onde figuren os membros computables ou similar.
- c) Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia, se é o caso.
- d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, se é o caso.
- e) A incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial, se é o caso.
- f) En caso de separación ou divorcio: sentenza xudicial, ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2019/20

Ao rematar o curso 2019/20, o alumnado beneficiario de libros de texto ou do material substitutivo dos libros (cando sexa reutilizable), tanto se o recibiron do fondo solidario como se o adquiriron coa axuda para libros de texto, deberá devolvelo ao centro para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2020/21. Será o titor do alumno/a quen os avisará para que fagan a entrega dos libros no centro. Se revisará se a entrega dos libros se fixo efectiva así como o estado dos libros a entregar. **No caso de que os libros non se poidan reutilizar, esta incidencia terá que ser gravada na aplicación e non terá dereito a estas axudas para o curso 2020/21.**

O prazo máximo para devolvelos será o 7 de xullo do 2020, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 7 de setembro de 2020.

A listaxe de admitidos e excluídos definitivos será o 20 de xullo para 4º e 6º Primaria e o 14 de setembro do 2020 para a ESO.

Debido a excepcionalidade do momento por cuestións de saúde o protocolo a seguir aconsella esperar 14 días mínimo unha vez que as familias entreguen os libros, en consecuencia o reparto de libros de 4º e 6º de Primaria farase efectiva a finais de xullo e a ESO en setembro. Dende o centro avisaremos vía telefónica.

En calquera caso, no centro estamos a súa disposición para calquera dúbida.

No Carballiño (Ourense) a 22 de maio do 2020

Atentamente,

A directora

Ana Pérez Moure